


1 De AT a ATX

Trátase dunha importante mellora nos Sistemas informáticos, aparecida no 1995, proposta por Intel, e que segue evolucionando ata a súa última revisión no 2004.

Có paso de AT a ATX (*Advanced Technology eXtended*) producíronse grandes cambios en moitos dos elementos que pronto imos tratar. As novas principais foron:



- ◊ Mellor ventilación no interior do equipo.
- ◊ Mellor accesibilidade para cambio de pezas e ampliación do PC.
- ◊ Apareceron os portos USB integrados na placa base.
- ◊ Dous PS/2, un para rato e outro para teclado, polo que desaparecía o conector DIN deste último.
- ◊ Tomouse moi en serio o aforro de enerxía. Neste apartado apareceron múltiples estándares que agora cumpren todos os equipos ATX:

- DPMA (*Dynamic Power Management Architecture*)
- APM (*Advanced Power Management*)
- ACPI (*Advance Configuration and Power Interface*)
- OnNow
- WOL (*Wake OnLAN*): Acendido remoto dos PCs por rede.

1.1 ErP

No referente ao aforro de enerxía, na Unión Europea os equipamentos deben cumprir a **Directiva 2009/125/CE**, nela se instaura un marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos relacionados coa enerxía.

-- Volver